



A Asemblea de Mulleres do STEG conxuntamente coa Organización de Mujeres de la Confederación Intersindical queremos presentarvos o proxecto "**Espazos libres de machismo**". A iniciativa xorde para dar continuidade á histórica xornada de loita feminista que tivo lugar o pasado 7 de novembro en Madrid: A marcha estatal contra as violencias machistas.

Se queremos rematar co drama social que supoñen os feminicidios -a expresión última e máis miserable das violencias machistas, que o ano pasado se cobrou a vida de 93 mulleres e este ano (no momento de escribir este artigo) xa hai 25 mulleres asasinadas- temos que acabar co machismo en todos os seus ámbitos, incluíndo, como non, o laboral. Ademais no STE, como sindicato de profesorado, somos conscientes de que a educación no valor da igualdade entre o noso alumnado é esencial para poder axudar a mudar a sociedade. Só incidindo na educación das persoas máis novas teremos posibilidades reais de abandonar esta lacra social.

A campaña se desenvolve a **nivel estatal** e é unha proposta para todas asembleas de traballadoras e traballadores de **calquera empresa, asociación ou entidade de calquera índole**.

Basicamente consiste en que as traballadoras e os traballadores que así o consensúen en asemblea declaren o seu centro de traballo como "Espazo libre de machismo". Ao realizar esta declaración comprométese a velar por garantir os dereitos e as liberdades das empregadas e dos empregados do mesmo. As persoas que se sumen ao proxecto denunciarán calquera situación de trato desigual ou vexatorio que poidan sufrir a súas compañeiras no seu posto de traballo. E ademais, tratarán de dar unha resposta conxunta para solucionar ese trato discriminatorio.

Desta forma queremos poñer fin a situacións de acoso sexual no ámbito laboral; á fenda salarial que existe entre homes e mulleres; ao bloqueo que sofren as traballadoras para poder acceder a postos de responsabilidade e dirección; aos atrancos para poder conciliar axeitadamente a vida laboral coa vida familiar e aos micromachismos e esterotipos de xénero que, por desgraza, están tan arraigados na nosa cultura.

Con esta iniciativa só pretendemos que nos centros de traballo se cumpla o artigo 2 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, que expón, de xeito resumido que todas as persoas temos os mesmos dereitos e liberdades sen distinción algunha de sexo e a eliminación dos estereotipos de xénero tal e como propón a resolución do 12 de marzo de 2013 do Parlamento Europeo.

O STEG como sindicato de **ensino público** quere sumarse a esta campaña tanto a nivel **laboral**, (sabemos que hai igualdade a nivel salarial no eido da administración pública) pero as traballadoras dos centros temos, aínda, moito por conquistar: as direccións seguen a estar maioritariamente ocupadas por homes cando as mulleres somos maioría no eido educativo, e como no resto da sociedade seguimos sufrindo situacións de machismos tanto no sutil (micromachismos) como no evidente. Pero a acción central desta campaña nos centros escolares é incidir na **educación en igualdade** que queremos transmitir. O STEG defínese como sindicato feminista e sempre tivemos unha coidado especial para que as nosas campañas e materiais educativos serviran ao profesorado para traballar a coeducación nas aulas.

Chegou ao teu centro un correo electrónico (ás xefaturas de estudos e aos departamentos de orientación para que llo fagan chegar ao resto do profesorado), con:

- Propostas de actividades para traballar estes temas (fenda salarial, estereotipos de xénero, micromachismos, acceso a postos de responsabilidade por parte das mulleres, acoso sexual, conciliación corresponsable da vida laboral e familiar)
- Cartaz da campaña.
- Manifestos para o alumnado (infantil-primaria, secundaria-bacharelato e persoas adultas) para que despois de traballar estes temas as aulas que así o decidan declaren que se queren constituir en espazo libre de machismo e coloquen o cartaz nun lugar visible para o todo o mundo.
- Manifesto para o claustro ou consello escolar para que demandado polo alumnado ou por unha boa parte do profesorado o centro se convirta nun espazo libre de machismo cunha declaración formal.

Animámosvos a unirvos a este proxecto e a acadar que nos vosos centros de ensino a igualdade e o respecto entre todas e todos sexa unha realidade. As persoas que estean interesadas no proxecto poden acceder a toda a información sobre o mesmo na páxina web do noso sindicato, STEG (<http://steg.gal>). Cos centros de traballo (de ensino ou non) que se adhiran ao proxecto crearemos unha **“Rede de espazos libres de machismo”** a nivel estatal para que poidan contactar entre si e ir valorando a aplicación do mesmo. Para iso creamos unha conta de correo electrónico dende onde xestionalo: espazoslibresdemachismo@gmail.com. Podedes adherir a calquera clase se non logrades que todo o centro se declare como espazo libre de machismo.